

## ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: XOGOS PREDEPORTIVOS

UNIDADE: **Iniciación ó fútbol sala.**

TEMPORALIZACIÓN: **1- 3ª semana febreiro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Balóns de fútbol sala, pista de fútbol sala, petos

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, grupo.

CICLO: **Terceiro**

NIVEL: 5º - 6º

CONTIDOS CENTRAIS:

- Condución do balón co pé.
- Lanzamentos e recepcións co pé.
- Xogos predeportivos.

TÉCNICAS DE ENSINO: Guiado.

**ANIMACIÓN:**

- **Quecemento xeral:**
  - Exploración libre por parellas. Mante-lo balón no aire; > nº de toques.

**PARTE PRINCIPAL:**

### 1. Condución:

- **Rouba balóns:** Xógase igual que ó “raposo e as galiñas”, pero as galiñas deben de intentar pasa-lo balón dun galiñeiro ó outro.

### 2. Cono goles:

- Partidillo de  $\frac{3}{4}$  equipos nun mesmo campo. Cada equipo consegue un gol cada vez que lle dé ó seu cono; os demais deben tratar de impedilo. Pódese xogar con dous balóns.
- Alternativa: xogar en moi pouco espacio. Xogar nenos contra nenas, os nenos collidos da man.

- ### 3. Bolos con balón:
- Dous equipos. Un equipo tira a tocar ó maior número de bolos posible cun balón de espuma. Os bolos son o outro equipo colocado de espaldas ós lanzadores.

**VOLTA A CALMA:**

**Fútbol rescate:**

- Igual que o baloncesto rescate, sólo que agora faise con balóns de fútbol sala. Os equipos teñen que estar sentados no chan, e para facer un punto hai que toca-lo balón coas dúas pernas unha vez polo menos.

**OBSERVACIÓNS**